

7. ANEXO VII

Organización dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

Módulo profesional	Unidades formativas	Duración
-MP0291. Sistemas eléctricos e de seguridade e confortabilidade.	-MP0291_15: electrotecnia aplicada e sistemas multiplexados.	95
	-MP0291_25: sistemas de carga, arranque e propulsión eléctrica.	36
	-MP0291_35: iluminación, manobra, control, sinalización e acústicos.	36
	-MP0291_45: sistemas de seguridade e confortabilidade.	36
	-MP0291_55: calefacción, aire acondicionado, climatización e reformas salientables na área de electromecánica.	37
-MP0292. Sistemas de transmisión de forzas e trens de rodaxe.	-MP0292_14: hidráulica e pneumática.	40
	-MP0292_24: sistemas de freada.	40
	-MP0292_34: sistemas de transmisión de forzas.	69
	-MP0292_44: sistemas de trens de rodaxe: suspensión, dirección e rodas.	60
-MP0293. Motores térmicos e os seus sistemas auxiliares.	-MP0293_14: motores, lubricación e refrixeración.	106
	-MP0293_24: sistemas de acendido de motores Otto.	38
	-MP0293_34: sistemas de alimentación e anticontaminación dos motores de ciclo Otto.	57
	-MP0293_44: sistemas de alimentación e anticontaminación de motores diésel.	66
-MP0294. Elementos amovibles e fixos non estruturais.	-MP0294_13: representacións gráficas, mecanizado e elementos amovibles.	45
	-MP0294_23: unión de elementos fixos.	100
	-MP0294_33: elementos metálicos e sintéticos.	68
-MP0295. Tratamento e recubrimento de superficies.	-MP0292_12: protección e igualación de superficies.	100
	-MP0292_22: embelecemento de superficies.	92
-MP0297. Xestión e loxística do mantemento de vehículos.	-MP0297_13: implantación de un taller e xestión ambiental.	38
	-MP0297_23: organización e xestión do taller.	65
	-MP0297_33: organización e xestión de recambios.	30
-MP0299. Formación e orientación laboral.	-MP0299_12. prevención de riscos laborais.	45
	-MP0299_22. equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego.	62

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Decreto 33/2010, do 11 de marzo, polo que se modifica o Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.

Por Decreto 306/2004, do 2 de decembro, creouse o Consello Forestal de Galicia como órgano consultivo e asesor da Administración forestal co obxecto de facilitar unha axeitada xestión sustentable dos montes galegos e dar cumprimento ao principio de participación pública, establecendo unha canle de colaboración cos distintos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica. A dita disposición modificouse polo Decreto 547/2005, do 20 de outubro, co obxecto de adaptar a composición dos membros do Consello á estrutura orgánica da Xunta de Galicia existente daquela.

O referido decreto establece unha distribución dos membros do dito Consello Forestal de Galicia en

función da repartición competencial por consellerías vixente no momento da súa adopción.

A estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia establécese na actualidade polo Decreto 83/2009, do 21 de abril, que redistribúe as competencias en materia ambiental entre a Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Pola súa banda, polo Decreto 245/2009, do 30 de abril, reguláronse as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Esta nova repartición de competencias fai necesario realizar determinadas modificacións no Decreto 306/2004, co obxecto de adaptar a composición do Consello Forestal de Galicia á nova distribución de competencias entre consellerías e á nova composición das delegacións territoriais.

Na súa virtude, no uso das atribucións concedidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e demais normativa

concordante, e por proposta da Consellería do Medio Rural, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de marzo de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.

Modifícase o artigo 3 do Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia, do xeito seguinte:

«Artigo 3º.-*Composición.*

O Consello Forestal de Galicia estará composto por:

-Unha persoa na presidencia: a persoa titular da Consellería do Medio Rural.

-Unha persoa na vicepresidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Montes.

-Unha persoa na secretaría: o/a subdirector/a xeral de Recursos Forestais.

-As 48 vogalías seguintes:

a) Catro vogais en representación das restantes direccións xerais de Consellería do Medio Rural.

b) Cinco vogais en representación da Administración galega, con categoría, polo menos, de subdirector/a xeral; corresponde un a cada unha das consellerías seguintes: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Facenda, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Consellería de Economía e Industria e Consellería de Traballo e Benestar.

c) Catro vogais en representación dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural.

d) Tres vogais en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

e) Oito vogais en representación da propiedade forestal.

f) Catro vogais en representación das organizacións empresariais máis representativas do sector forestal.

g) Un/unha vogal en representación do clúster da madeira.

h) Tres vogais en representación das organizacións sindicais agrarias máis representativas a nivel autonómico.

i) Un/unha vogal en representación das organizacións de gandeiros/as.

j) Un/unha vogal en representación da Federación Galega de Caza.

k) Un/unha vogal en representación das asociacións micolóxicas de Galicia.

l) Un/unha vogal en representación das asociacións de consumidores/as de Galicia.

m) Un/unha vogal en representación de cada un dos colexios profesionais autonómicos de enxeñeiros/as de montes e de enxeñeiros/as técnicos forestais.

n) Un/unha vogal en representación do Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

o) Un/unha vogal en representación do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira en Galicia (CIS).

p) Un/unha vogal en representación de cada unha das tres universidades galegas.

q) Dous/dúas vogais en representación das organizacións de defensa ambiental inscritas no Rexistro Autonómico de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.

r) Tres persoas expertas con recoñecida experiencia e prestixio profesional no sector forestal.

A designación dos membros do Consello Forestal de Galicia farase procurando acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes na súa composición total».

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Desenvolvemento normativo.*

Autorízase a persoa titular da Consellería do Medio Rural para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de marzo de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural